

Despois da primeira fin de semana oficial de vendima na D.O. Ribeira Sacra recolléronse 483.709 quilos de uva

A D.O. Ribeira Sacra fixaba como data recomendada para o inicio oficial da vendima o pasado 15 de setembro, aínda que algunhas adegas iniciaron a recollida de uva de determinadas variedades na última fin de semana de agosto. Tras a primeira fin de semana oficial de vendima entraron en adega **483.709 quilos de uva, dos que a maioría corresponden a Godello con 211.862 quilos**

O resto das variedades distribúense do seguinte modo:

Variedades tintas

- **Mencia 179.965 quilos**
- Merenzao 18.872 quilos
- Garnacha 5.928 quilos
- Brancellao 8.090 quilos
- Caíno tinto 1.080 quilos
- Tempranillo 306 quilos
- Mouratón 90 quilos

Variedades brancas

- **Godello 265.873 kilos**
- Albariño 42.724 quilos
- Treixadura 10.943 quilos
- Dona Branca 2.934 quilos
- Branco Lexítimo 578 quilos
- Torrontés 222 quilos
- Loureira 115 quilos

Das **97 adegas** que esperan vendimar ao amparo da D.O. Ribeira Sacra nesta campaña, 39 están vendimando, 12 téñena paralizada e 2 xa remataron. 44 adegas estarían pendentes de comezar os traballos de recollida de uva. A uva que está a entrar en adega ten un estado sanitario óptimo e os traballos séguense desenvolvendo con todas as medidas necesarias para a prevención da Covid19.